

## **CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL “NADAL FELIZ EN OIA”**

O Concello de Oia organiza un Concurso de debuxo infantil con motivo do nadal de acordo coas seguintes bases:

### **PARTICIPANTES:**

Poden participar neste concurso os alumnos/as de Infantil e Primaria matriculados nos colexios CEIP Mestre Manuel García e CEIP Refoxos.

### **OS TRABALLOS:**

- a) A temática é “Nadal feliz en Oia”.
- b) Só se pode presentar un debuxo por cada alumno/a.
- c) Os debuxos deberán estar feitos en folio, en tamaño A4.
- d) Deberán ser orixinais e inéditos.
- e) A técnica é libre, se pode empregar: acuarelas, lapis de cores, rotuladores, ceras, etc.
- f) Se deben entregar nos Colexios.
- g) Todos os participantes indicarán no reverso do folio que conteña o debuxo, o seu nome e apelidos e o curso.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

O Prazo para presentar os traballos está aberto ata o día 12 de decembro (incluído).

### **XURADO:**

O xurado estará formado por dous mestres do CEIP Mestre Manuel García, un mestre do CEIP Refoxos e un representante do Concello. O Xurado reunirse antes do 20 de decembro, para facer a valoración dos debuxos presentados.

### **PREMIOS:**

Haberá tres premios, que consistirán nun diploma e un lote de libros.

Os premios serán entregados o día 5 de xaneiro, despois da Cabalgata de Reis, no pavillón do CEIP Mestre Manuel García.

### **DEREITOS:**

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de Oia e os autores darán consentimento para poder divulgálos e difundilos públicamente.

### **ACEPTACIÓN DAS BASES:**

A participación no Concurso supón a aceptación das presentes bases.